



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 22 de novembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e dous de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1368).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1369).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DUNHA PLATAFORMA INTEGRAL DE XESTIÓN INTELIXENTE DE SERVIZOS CIDADE E A SÚA INTEGRACIÓN COS SERVIZOS DA PLATAFORMA CIDADE VCI+. EXPTE. 8562/113.

Visto o informe de fiscalización de data 19/11/18, dáse conta do informe-proposta do 16/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA	98,05
2	NEC IBERICA SLU	72,30
3	SIVSA	67,43
4	INDRA SISTEMAS SA	58,16
5	WELLNESS TELECOM	56,24
6	ELECNOR DEIMOS	47,04

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., o día 11 de outubro, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. para que puidese acreditar correctamente a súa solvencia técnica de acordo cos requisitos previstos na cláusula 8 do PCAP.

O 15 de novembro de 2018, dentro do prazo concedido, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. presentou a documentación requirida que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2018. Sendo esta correcta, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de setembro e 1 de outubro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 287.109,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.828,94 euros
- b) Propón incrementar o número mínimo de verticais (5) previstos no PPT en 20 verticais totais (5+15)
- c) Propón as seguintes melloras:
 - Inclusión na oferta de entorno colaborativo
 - Plan de formación e transferencia tecnolóxica ao persoal municipal de 388 horas
- d) Propón como prezo do mantemento anual da plataforma unha vez finalizado o prazo de garantía coas mesmas condicións que as do período de garantía de 0 euros
- e) Propón un “Catálogo de Indicadores” cunha lista de 213 indicadores

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1370).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 21847/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21.847-332), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación. O procedemento foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 20 de xullo de 2018. O anuncio contiña un erro material e foi obxecto de rectificación en data 2 de agosto, abríndose un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais, que rematou o día 21 de agosto do mesmo ano.

Segundo.- En data 22 de agosto de 2018 emítase certificación do Rexistro Xeral, na que consta que durante o prazo de presentación de ofertas as presentaron as seguintes mercantís:

- COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
- PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (PROFOLP)
- CLECE, S.A.

Terceiro.- En data 23 de agosto de 2018 a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma acordouse admitir a todos os licitadores citados.

A continuación procedeuse a apertura do “sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e a Mesa acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. Este é evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 12 de setembro de 2018. Este informe entregouse á Mesa na súa sesión de 19 de setembro. Na mesma acordouse solicitar un informe complementario. Este elaborouse polos técnicos citados en data 24 de setembro e foi aceptado pola Mesa na sesión de 27 de setembro de 2018.

Cuarto.- En data 1 de outubro de 2018, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre C: proposición avaliable mediante fórmula”, e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo xestor. O informe foi evacuado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e Xefa do Servizo de Educación, o 2 de outubro de 2018, é aceptado pola mesa, en sesión de 4 de outubro de 2018. Nesta mesma sesión formulouse proposta de clasificación do contrato á XGL.

Quinto.- En data 4 de outubro de 2018 a XGL aprobou a clasificación dos licitadores por orde descendente:

LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48
3	CLECE, S.A.	82,25

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS

	Licitador	Puntuación total
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31



Concello de Vigo

E acordou requirir ao primeiro clasificado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos prevista no artigo 140 LCSP, así como a constitución da garantía definitiva.

Sexto.- En data 24 de outubro de 2018, a XGL adoptou acordo de adxudicación do contrato nos seguintes termos:

1. “Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.
 - c)
2. Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:
 - a) Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.
 - b) Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado electronicamente aos licitadores o mesmo día.

Sétimo.- En data 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, interpón de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do citado procedemento, e solicita a súa remisión ao TRIBUNAL

ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA (en diante, TACGAL). O mesmo foi remitido polo Rexistro Municipal ao citado tribunal a través da plataforma ORVE en data 5 de novembro do mesmo ano.

Oitavo.- En data 21 de novembro, o técnico superior de educación do servizo de Educación emite informe a solicitude do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo do órgano de contratación do Concello de Vigo, adoptado na sesión de 24 de outubro de 2018, de adxudicación do procedemento

aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas”. Acordo que lle foi notificado ó recorrente o mesmo día.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.



Concello de Vigo

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituido, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a

dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de exclusión do recorrente, é un acto de trámite cualificado, que determina a imposibilidade do mesmo de continuar no procedemento, e consecuentemente, é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir. En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación activa á mercantil recorrente na súa calidade de licitador.



Concello de Vigo

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ó escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle

entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O acordo de adxudicación do presente procedemento foi publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo e notificado ós licitadores o 24 de outubro. Dado que este presenta o recurso en data 3 de novembro, foi presentado dentro do prazo conferido ao efecto.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a admisión do presente recurso especial.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O Sr. Rey, en nome e representación da entidade recorrente, formula as seguintes alegacións:

1. O exceso de páxinas da oferta de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., incumprindo as esixencias dos pregos.
2. O error do técnico á hora de valorar as ofertas, que se desprende do informe complementario.

Nos fundamentos xurídicos seguintes deste informe, VI e VII, nos referiremos por separado a cada un dos motivos esgrimidos polo recorrente para a estimación do recurso nas súas alegacións.

-VI-

O incumprimento da oferta de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., das esixencias dos pregos con relación ó número de páxinas (alegación primeira do escrito de recurso)

Manifesta o recorrente que a proposta técnica do licitador PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (en adiante, o adxudicatario), ten unha extensión de 151 páxinas e 40 páxinas de anexos.

Tendo en conta que o apartado 6.A da FEC do PCAP e a cláusula cuarta do PPT determinan que o proxecto educativo do centro contido no sobre B non pode exceder de 100 follas, tamaño A4 e tamaño de letra 12, o recorrente considera que o citado licitador debería ser excluído do procedemento por incumprir o previsto nos pregos. Cita en apoio da súa tese a resolución 160/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante, TACRC). Determina esta resolución que “el incumplimiento de los pliegos (...) al haber presentado su oferta con el doble de páginas sobre el límite máximo fijado en los pliegos resulta de tal magnitud cuantitativa que lo transforma en un incumplimiento cualitativo que puede afectar al principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores y al de eficiencia en la contratación pública, lo que justifica la exclusión de la licitadora por incumplimiento de los pliegos reguladores del concurso convocado”.



Concello de Vigo

Esquece o licitador mencionar dous datos:

- Os pregos non anudan ningunha consecuencia ó exceso de extensión da oferta.
- Que a súa oferta tamén incumpre os pregos neste punto, posto que inclúe “100 páxinas de Memoria e 590 páxinas en Anexos”, é dicir, supera o límite máximo en 590 follas. O adxudicatario en 91.

O certo é esta resolución recolle parcialmente a doutrina do TACRC sobre a limitación da extensión da oferta como causa de exclusión de licitadores. A mesma e resumida con claridade na Resolución 1038/2016, ditada no Recurso nº 1017/2016, na cal se cita tamén a resolución achegada polo licitador. O propio TACRC recoñece este dato ó dicir na RTACRC nº 650/2017 “De las resoluciones mencionadas en los escritos y de otras igualmente aplicables a la cuestión, puede sintetizarse nuestra doctrina con la resolución 1038/2016”.

O recurso nº 1017/2016 refírese a un caso idéntico ó que nos ocupa. O recorrente é un licitador excluído da licitación por non axustarse os requisitos formais esixidos no PCAP, sen que este contivese unha previsión expresa acerca das consecuencias do incumprimento do citado requisito. No fundamento xurídico sexto desta resolución se dí que:

“Este Tribunal tiene declarado (en tal sentido, la resolución 297/2015) que, como regla general, “un requisito formal relativo a la extensión de los documentos de la oferta no puede convertirse en causa de exclusión de la licitación, so pena de vulnerar tanto el principio de concurrencia como el objeto del procedimiento de licitación que es la búsqueda de la proposición que mejor satisfaga el interés general al que los entes del sector público sirven, y no facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos”.

En aplicación de este criterio, la resolución 818/2015, examinando un supuesto sustancialmente similar al que ahora nos ocupa, afirmó que tales requisitos formales tienen “por objeto el facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos y evitar que la extensión y formato de las mismas dificulte esa tarea”, para así añadir: “Las especificaciones del PCAP hay que tomarlas como orientaciones para facilitar la valoración. No se trata de disposiciones estrictas limitativas sobre la presentación de la oferta técnica, por cuanto en el PCAP sólo se definen algunos de los aspectos formales que determinan la extensión del documento - número de páginas (1 por edificio); tamaño del papel (A4) y tipo de letra (Arial 12)-, pero nada se indica respecto al interlineado o los márgenes del documento.” Estas consideraciones se alinean, por lo demás (tal y como expresó la resolución 147/2016) con lo señalado por la Sentencia del Tribunal Supremo, Sala III, de 26 de noviembre de 2012 (Roj STS 9164/2012), en la que se afirma que en cualquier caso, la simple superación del límite de folios de las ofertas presentadas carece de entidad suficiente como para determinar la anulación de las adjudicaciones, debiendo convenirse con la sentencia recurrida en el carácter de una mera irregularidad no invalidante de la resolución adjudicadora de las concesiones.”. Tal doctrina es plenamente aplicable en el caso analizado, en el que, cumple destacarlo, por mucho que en el acuerdo de exclusión se haga referencia al incumplimiento de las “determinaciones de la cláusula 10 del PCAP respecto al tipo de letra, tamaño, interlineado y márgenes empleados”, si bien se decía claramente que el “número máximo de páginas del proyecto de gestión (...) será de 200, incluido índice, con

interlineado sencillo, tipo de letra Arial, tamaño de letra 12, en folio A-4” , se obviaba toda referencia a los márgenes de aplicación.

Ciertamente, en resoluciones posteriores (como la 1060/2015) se ha matizado la doctrina así expresada, afirmando que, si bien es cierto que “en principio, este tipo de prescripciones puramente formales de los Pliegos que no afectan para nada a la naturaleza y calidad de las ofertas presentadas deben interpretarse con cierta flexibilidad evitando que un insignificante incumplimiento de los mismos pueda derivar en la exclusión automática de ofertas que pueden ser plenamente aceptables en todos los demás aspectos”, ello debe reconocer como excepción aquellos supuestos en que el exceso alcance relevancia tal que suponga “un incumplimiento flagrante de un Pliego que ha sido “incondicionalmente aceptado” por el licitador al haber presentado su oferta sin recurrirlo previamente”. Y, en este sentido, en la resolución 1060/2015 se apreció que la presentación por una licitadora de su oferta “con el doble de páginas sobre el límite máximo fijado en los Pliegos resulta de tal magnitud cuantitativa que lo transforma en un incumplimiento cualitativo que puede afectar al principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores y al de eficiencia en la contratación pública, lo que justifica la exclusión de la licitadora por incumplimiento de los Pliegos reguladores del concurso convocado”.

Sin embargo, en el caso analizado, no cabe apreciar que las deficiencias en la oferta de la actora que son referidas en el acuerdo de exclusión tengan la referida magnitud cualitativa, en tanto no se ha acreditado cumplidamente que el menor tamaño de letra empleado en la totalidad de treinta de las doscientas páginas que componen el Proyecto de Gestión y en partes de otras diversas páginas de su oferta comporte, una vez homogeneizado el documento con arreglo al tipo de letra prescrito en el pliego, un exceso de la significada relevancia cualitativa a que se alude en dicha resolución.

Por lo demás, si bien es cierto que, como señala la resolución 818/2015, el hecho de que resulte improcedente la exclusión de una oferta por el simple incumplimiento de dichas prescripciones meramente formales no obsta a que deba garantizarse que de ello no se derive una vulneración del principio de igualdad, como así ocurriría si el licitador infractor obtuviera, por razón de la mayor información proporcionada, una valoración superior a la que le hubiera correspondido de atender estrictamente las indicaciones sobre el formato a seguir, todo indica que, en el caso analizado el informe técnico de valoración habría salvaguardado el debido respecto al principio de igualdad. Es expresivo en tal sentido el informe complementario de 10 de octubre de 2016, en el que el Ingeniero de Montes Municipal, tras hacer referencia a las hojas que, a su juicio, “suponen un exceso de información respecto al límite que marcaba el PCAP carácter insignificante no justificaría que se prescindiera en la valoración de la oferta de la información aportada por exceso, “ignorando así los exactos términos en los que fue formulada”, esa misma resolución advierte que tal medida puede ser la adecuada en otras ocasiones. Tal es, a entender de este Tribunal, el supuesto en el caso analizado, en que el incumplimiento de la actora, si bien no ha alcanzado la marcada relevancia cualitativa antes aludida, no puede tampoco tenerse por insignificante. ”, destacando que “la citada empresa presenta una gran cantidad de información en letra muy inferior a la especificada en el PCAP”, existiendo “un total de 30 hojas completas que tienen letra inferior a la especificada en el PCAP”, deja claro que “teniendo en cuenta eso y su dificultad de lectura,



Concello de Vigo

no las he tenido en cuenta en la valoración de este apartado”. No obstante lo cual, cumple destacarlo, a la oferta de la actora se asigna en dicho informe la segunda mejor puntuación en el subcriterio “Proyecto de Gestión” (17 puntos sobre un máximo de 20).

En este punto, cabe también destacar que, si bien en la resolución 147/2016 este Tribunal ha señalado que una hipotética superación de la extensión máxima admitida que tuviera carácter insignificante no justificaría que se prescindiera en la valoración de la oferta de la información aportada por exceso, “ignorando así los exactos términos en los que fue formulada”, esa misma resolución advierte que tal medida puede ser la adecuada en otras ocasiones. Tal es, a entender de este Tribunal, el supuesto en el caso analizado, en que el incumplimiento de la actora, si bien no ha alcanzado la marcada relevancia cualitativa antes aludida, no puede tampoco tenerse por insignificante”.

Para aplicar esta doutrina ó caso que nos ocupa é preciso comezar por fixar os parámetros da regulación dos requisitos formais esixidos no PCAP para a oferta técnica:

- O PCAP establece unha limitación de 100 follas e un tamaño de letra, 12. Nembargantes hai que ter en conta que o tamaño de letra 12 é diferente segundo a fonte que se escolla. E o prego non fixa a fonte. Como tampouco fixa os marxes das follas, nin o interliñado dos parágrafos. En consecuencia, faltan varios dos parámetros necesarios para homoxeneizar a extensión das ofertas.
- O PCAP non anuda ningunha consecuencia ó incumprimento destes requisitos formais de presentación de ofertas.

Aplicando a doutrina exposta ó caso podemos extraer as seguintes conclusións:

- As especificacións do PCAP hai que tomalas como orientacións para facilitar a valoración. Non se trata de disposicións estritas limitativas sobre a presentación da oferta técnica, por canto no PCAP só se definen algúns dos aspectos formais que determinan a extensión do documento. Polo tanto, o exceso de follas é unha irregularidade non invalidante, e non un motivo de exclusión.
- Este incumprimento non é óbice para garantir o principio de igualdade á hora de valorar as ofertas, como así ocurriría se o licitador infractor obtivera, como consecuencia da maior información proporcionada, unha valoración superior á que lle correspondería de atenerse ó formato esixido.

Partindo destas premisas, o técnico informante optou por non ter en conta, nin os Anexos, nin a información cuxo desenvolvemento atopábase nos mesmos e por ter en conta o exceso de follas á hora de valorar os diferentes subcriterios, tal e como aclara no informe complementario ao de valoración da oferta técnica, de data 24 de setembro de 2018.

Efectivamente, establece que “para unha valoración equipable e xusta das ofertas presentadas (só unha delas cumpriu estrictamente con este condicionante), naquelas que excederon a limitación de páxinas establecida, non se tivo en conta a información e documentación presentada como anexos. Esta circunstancia levou a valoracións máis baixas de determinados aspectos, xa que se atopaban, en ocasións, desenvolto nos anexos, estando tan só citados na memoria a valorar. Concretamente, as ofertas presentadas, en relación ao número de páxinas, foron as seguintes (a situación é equiparable para os dous lotes):

CLECE SA: 98 páxinas

LOS MILAGROS SL: 100 páxinas da Memoria e 590 páxinas en Anexos
PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL: 146 páxinas da Memoria e 44
en Anexos

Tendo en conta estas consideracións, no informe de valoración das ofertas indícase, en cada apartado a puntuación outorgada, debéndonse entender -cando a información ven dada en anexos- que esa aportación dos anexos non foi valorada”.

Criterio que se apoia na doutrina do TACRC, recollida, entre outras, na RTACRC nº 451/2017, de 26 de maio, “Estimamos, por tanto, y para concluir con este apartado del recurso, que el manifiesto incumplimiento de las previsiones del pliego en que ha incurrido la oferta del recurrente no puede sino llevar a confirmar como correcto el proceder del técnico municipal al no valorar el Anexo presentado con manifiesto incumplimiento del pliego. Otra cosa supondría quebrar el principio de igualdad entre los licitadores, visto que el resto se ha ajustado a las exigencias del PCAP sobre este extremo. Reiterando este criterio debemos considerar acertada la decisión del órgano encargado de la valoración de no tomar en consideración unos datos que no obraban en la oferta técnica, que tenía una extensión máxima, sino en un anexo. Anexo al que, a mayor abundamiento, ni siquiera se remitía la oferta técnica.”

E se ben é certo, tal e como manifesta o recorrente que no caso da oferta controvertida o exceso de follas non afecta unicamente ós anexos, senón que a propia memoria do proxecto educativo tiña 151 páxinas, o técnico ha tido en conta este exceso de páxinas na mesma a hora de outorgar a puntuación correspondente a cada apartado, minorando a mesma, tal e como manifesta no informe ó recurso solicitado polo servizo de contratación, de 21 de novembro.

E non hai dúbida de que esta valoración ten sido realizada tendo presente o principio de igualdade entre licitadores. De feito, a oferta de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., é a que obtivo menor puntuación, tal e como se aprecia no informe de valoración de ofertas de 14 de setembro de 2018:

- CLECE SA: 35
- COLEGIO LOS MILAGROS SL:33,75
- PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL: 28,50

É preciso aclarar que, á hora de valorar cuestións técnicas, os funcionarios gozan dun certo nivel de discrecionalidade técnica, a condición de que respecten os principios de legalidade, imparcialidade e interdicción da arbitrariedade que debe rexer a súa actuación administrativa por imperativo do artigo 103 da Constitución española. E os actos non regulados, nos que a Administración, e en consecuencia, os seus funcionarios, exercen potestades discretionales, como ocorre cos citados informes técnicos deben ter como obxectivo último satisfacer o interese xeral. Este criterio responde a unha xurisprudencia consolidada, recollida tamén na doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Nesta liña, o TACRC admite este criterio, na Resolución nº 42/2011, ditada no Recurso nº 27/2011 ao dicir que “La Administración dispone de un cierto nivel de discrecionalidad en la apreciación de las cuestiones de carácter técnico que no son controlables desde el punto de vista jurídico. Ello no significa que en los temas de carácter técnico la Administración pueda apreciarlos libremente, pero sí que el control de legalidad no puede ir más allá de determinar sí en la apreciación y valoración de tales extremos se ha



Concello de Vigo

actuado sin discriminación entre los licitadores de tal forma que los criterios de valoración aplicados a unos no hayan sido diferentes de los aplicados a otros, que no se haya incurrido en error patente en la apreciación de las características técnicas valoradas y que, finalmente, no se haya producido ninguna infracción legal en el cumplimiento de los requisitos y trámites del procedimiento de valoración. Este criterio, por otra parte, responde a una Jurisprudencia sobradamente reiterada y consolidada”. Ou na resolución 42/2013 “En este sentido debe apuntarse que, de conformidad con la jurisprudencia de el Tribunal Supremo, y como ha tenido ocasión este Tribunal en distintas Resoluciones de señalar, sólo en aquellos casos en que la valoración efectuada por la Mesa de contratación deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental cabría entrar en su revisión, sin que se trate, a la hora de apreciar la posible existencia de error en la valoración, de realizar un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar sí en la aplicación de el criterio de adjudicación se ha producido un error material lo de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos”.

Do xa exposto desprendese que o técnico, ó valorar as ofertas, tivo presente en todo momento o principio de igualdade. Atopouse co problema da incompleta regulación dos requisitos formais da oferta técnica e para solventar esta lagoa aplicou os mesmos criterios ós dous licitadores que se atopaban nesta situación. Coa dificultade engadida de que aínda que os dous incumpriron o requisito da limitación da extensión, o exceso dun deles abarcaba unicamente os anexos e o doutro parte abarcaba a memoria e parte os anexos. E superando estas dificultades realizou a valoración sen ter sido nin imparcial, nin arbitrario, nin inxusto.

Para finalizar, é necesario destacar que sorprende que un licitador que incumpriu os requisitos formais de presentación de ofertas, excedéndose en máis páxinas aínda que o licitador cuxa oferta impugna, solicite a exclusión da oferta por esta circunstancia. De prosperar a súa tese, procedería excluír tamén a súa oferta.

Da argumentación exposta, a xuízo da informante, dedúcese que procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación primeira do escrito de recurso.

-VII-

Do erro na valoración da oferta técnica de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (alegación segunda do escrito de recurso)

A segunda alegación parece que o recorrente a formula con carácter subsidiario, por se non prosperase a primeira, e se dese a circunstancia de que o Tribunal non exclúise a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., por ter incumplido os requisitos formais da oferta técnica.

Esta alegación fai fincapé no extracto do informe complementario citado no fundamento xurídico anterior, no que o técnico que valorou as ofertas describe como realizou a mesma.

O recorrente considera un erro do técnico informante o feito de valorar os subcriterios consignados a partir da folla 100. O contrario implicaría valorar un exceso de páxinas.

Propón para corrixir este erro que se lle desconte a puntuación relativa ós mesmos. En concreto, programa de actividades (6,5 puntos), estrutura organizativa (4 puntos) e materiais didácticos (2 puntos). De seguirse este criterio, a puntuación da oferta do adxudicatario reduciríase de 26,5 a 14,25 puntos. E procedería a súa exclusión por non acadar o umbral de puntuación mínima fixado no apartado 7.A.1 da FEC, que é de 17,5 puntos.

En apoio desta tese reproduce un extracto da resolución nº 4/2018 do TACGAL na que se determina a no valoración dun apartado da oferta por non axustarse ó esixido no PCAP e ordena a retroacción das actuacións ó momento de valoración das ofertas técnicas.

En opinión da que subscribe, o recorrente pretende torticeramente acadar o mesmo resultado, a exclusión do adxudicatario, por outra vía distinta. No entanto, como xa se ten dito, esquece ó longo do recurso que na súa oferta concorren as mesmas circunstancias que na do adxudicatario.

Tal e como se expuxo no fundamento xurídico anterior, o técnico que realizou a valoración actuou correctamente con pleno respecto ós principios que rexen a contratación pública.

Do exposto neste fundamento xurídico dedúcese que procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación segunda do escrito de recurso.

-VIII-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ó fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o recurso, unha vez analizados, nos fundamentos xurídicos VI e VII deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da Mesa de contratación, de data 24 de outubro de 2018, de adxudicación do procedemento para a contratación por procedemento aberto dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo, no seu escrito de recurso polos motivos alegados nos citados fundamentos xurídicos.

-IX-

Medidas cautelares

Solicita o recorrente que se impoña a medida cautelar de suspensión do procedemento. Esta medida é de obrigada adopción polo tribunal en caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, polo que esta Administración non ten nada que alegar ó respecto.



Concello de Vigo

-X-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1371).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DO “XIV CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL 7”.EXPTE. 17472/333.

Visto o informe xurídico do 31/10/18 e o informe de fiscalización de data 20/11/18, dáse conta do informe-proposta do 18/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado de Área, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17572/333 sobre as proposta de subvención a favor da Agrupación Deportiva Vigo co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do proxecto “XIV Campionato de España de Fútbol 7”, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 26 de Xullo de 2018, procede informar, sobre as consideracións detalladas no dito informe, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

a) Instrumento de concesión da subvención: inclúese memoria con referencia ás esixencias da Lei 40/2015 para a suscripción de convenios, contéñense ao longo do expediente referencias a convenios, pero logo realízase un informe-proposta para outorgala por resolución e non para a aprobación dun convenio. A fórmula da resolución sería axeitada, sempre e cando se xustifiquen as razóns.

- Modifícanse as referencias os convenios.

b) As razóns excepcionais non están claras, na propia redación dos textos faise mención á organización do evento, o que é a alleo á actividade para a que se solicita xa que se trata dun torneo fóra da cidade; e tamén se fai mención ao que parece ser a razón de conceder a subvención, relativa á representatividade de Vigo mediante a participación dun equipo da cidade no torneo. En calquera caso, deben quedar acreditadas tanto as razóns de interese público, social e económico ou humanitario

ou outras debidamente xustificadas como aquelas que dificulten a súa convocatoria pública.

- Elimínanse as referencias a organización do evento deportivo.
- Reforzanse as razóns de interese público, social e económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas, como aquelas que dificulten a súa convocatoria pública, como se engade a continuación:

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe-proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 8.000,00 (oito mil euros), para a participación no “XIV Campionato de España de Fútbol 7”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública.

En relación a participación da Agrupación Deportiva Vigo CIF G36651123 débese sinalar a exclusividade e os dereitos da súa participación como única entidade do municipio de Vigo que acadou a invitación para o XIV Campionato de España de Fútbol 7, xunto con 38 equipos de toda España, certificado pola Asociación Nacional de Fútbol 7 amateur non federado CIF G5447995, tal e como se acredita na documentación que presenta a entidade. Polo que ningúnha outra entidade deportiva do Concello de Vigo podería participar no evento deportivo.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, o Campionato de España de Fútbol 7 na súa XIV edición que se realizará en Xixón participará a Agrupación Deportiva Vigo, que levará unha selección dos 18 mellores xogadores de diferentes equipos de fútbol 7 da cidade de Vigo, cun número total de participantes de 700 xogadores, un total de 38 equipos de todo o territorio español, e público de mais de 3.000 persoas. Esta participación nace da organización da competición de Vigo en Xogo que realiza a Agrupación Deportiva Vigo e ca que colabora o Concello de Vigo, como unha competición que está dirixida a favorecer hábitos sociais e saudables de vida a través do deporte amateur a nivel local, promocionando e fomentando o fútbol 7 non profesional cunha participación de mais de 3000 persoas en diferentes deportes como fútbol 7, baloncesto e fútbol sala.

c) En calquera caso, débese repasar o conxunto documental unido ao expediente, xa que se botan en falta os seguintes documentos, agás erro:

- Non se atopa o orzamento de ingresos e gastos.



Concello de Vigo

- Non se atopa a Declaración responsable conforme a entidade solicitante non se atopa incurso en prohibición para ser beneficiaria, nin de ser debedora de reintegro doutra subvención,
- Non se atopa declaración das subvencións solicitadas/ concedidas.
- Certificado relativo ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo.
 - Os documentos de ingresos-gastos, declaración responsable e declaración de subvencións estaban unidos o expediente a través dun documento. Engadense directamente o mesmo para unha maior visibilidade dos mesmos.
 - Engadese certificado relativo as obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo.

Por todo o exposto, procédese á modificación do informe proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

INFORME PROPOSTA:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 09/07/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor da Agrupación Deportiva Vigo en relación á participación no "XIV Campionato de España de Fútbol 7", que se celebrou na cidade de Gijón os días 22, 23 e 24 de Xuño de 2018.

O evento tivo lugar entre os días 22, 23 e 24 de Xuño de 2018.

O evento, organizado pola Asociación Nacional de Fútbol 7 e ca participación da Agrupación Deportiva Vigo, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Alejandro Costas Gonzalez, Presidente da entidade participante manifesta que a Agrupación Deportiva Vigo ostentou os dereitos de participación no XIV Campionato de España de Fútbol 7, extremo que acredita mediante a presentación do otorgamento da participación no evento deportivo pola Asociación Nacional de Fútbol 7 Amateur non federado (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.I e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O servizo de deportes dispón do crédito necesario de 8.000,00 €, na aplicación 3410.489.00.01 "subvencións a eventos deportivos" do seu vixente orzamento.

Os gastos derivados da participación no proxecto "XIV Campionato de España de Fútbol 7", segundo o presuposto presentado pola entidade Agrupación Deportiva Vigo, ascenden a un total de 10.098,45 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente informe-proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 8.000,00 (oito mil euros), para a participación no "XIV Campionato de

España de Fútbol 7"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública.

En relación a participación da Agrupación Deportiva Vigo CIF G36651123 débese sinalar a exclusividade e os dereitos da súa participación como única entidade do municipio de Vigo que acadou a invitación para o XIV Campionato de España de Fútbol 7, xunto con 38 equipos de toda España, certificado pola Asociación Nacional de Fútbol 7 amateur non federado CIF G5447995, tal e como se acredita na documentación que presenta a entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, o Campionato de España de Fútbol 7 na súa XIV edición que re realizará en Xixón participará a Agrupación Deportiva Vigo, que levará unha selección dos 18 mellores xogadores de diferentes equipos de fútbol 7 da cidade de Vigo, cun número total de participantes de 700 xogadores, un total de 38 equipos de todo o territorio español, e público de mais de 3.000 persoas. Esta participación nace da organización da competición de Vigo en Xogo que realiza a Agrupación Deportiva Vigo e ca que colabora o Concello de Vigo, como unha competición que está dirixida a favorecer hábitos sociais e saudables de vida a través do deporte amateur a nivel local, promocionando e fomentando o fútbol 7 non profesional cunha participación de mais de 3000 persoas en diferentes deportes como fútbol 7, baloncesto e fútbol sala.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento do determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargarse da participación no proxecto e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 10.098,45 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan neste informe-proposta por importe de 8.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 79,22 % do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei. Neste caso serían os seguintes:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de participación "XIV Campionato de España de Fútbol 7" que se celebrou na cidade de Gijón os días 22, 23 e 24 de Xuño de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases



Concello de Vigo

de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo, é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Agrupación Deportiva Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17472/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 16 de novembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos

gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así



Concello de Vigo

como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Agrupación Deportiva Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17472/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprrobe a concesión dunha subvención a favor da Agrupación Deportiva Vigo, CIF G36651123, pola participación no proxecto do “XIV Campionato de España de Fútbol 7”, que se celebrou na cidade de Gijón os días 22, 23 e 24 de Xuño de 2018, de acordo coas condicións e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28.1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencions e 26.1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño, de subvencions de Galicia.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 8.000,00 euros, a favor da Agrupación Deportiva Vigo, CIF G36651123, con cargo á aplicación presupostaria 3410.489.00.01 “subvención eventos deportivos” do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1372).- MODIFICACIÓN DE CRITERIOS DE FUNCIONAMENTO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN. EXPTE. 32981/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 procedeuse á aprobación dos Criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación (expediente n.º 26.805/220).
- 2.- Con data de sinatura electrónica, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordenou “a incoación de expediente administrativo, no contexto do marco legal vixente, para a aprobación dunha proposta de modificación dos criterios de funcionamento da mesa xeral



Concello de Vigo

de negociación (acordo da XGL de 04/12/2015, expediente n.º 26.805/220) á vista da proposta efectuada polos sindicatos nos escritos remitidos a esta Concellería-delegada, escritos que deberán incorporarse ao expediente; e previa a emisión dos informes que procedan e nos termos e condicións dos mesmos”.

3.- Constan incorporados ao presente expediente electrónico a proposta e plena conformidade sindicais, aportadas pola Concellería-delegada.

En consecuencia, procédese á emisión de informe-proposta de acordo ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A negociación colectiva -derivada do recoñecemento dos dereitos de sindicación, folga e negociación colectiva previstos no artigo 25 da Constitución de 1978 como dereitos fundamentais, así como do seu desenvolvemento legal contemplado na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical- atópase regulada, para o ámbito das Administracións Públicas, no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como, no que resulte de aplicación ao persoal laboral, no previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Así, o TREBEP establece no seu artigo 34 a obriga de constitución da negociación da Mesa Xeral de Negociación, no marco da cal se desenvolverá a actividade de negociación colectiva en todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración Pública, nos termos do contemplado na propia Lei.

Os criterios vixentes permitiron unha notable mellora e simplificación dos procedementos a través dos cales se articula a negociación colectiva, dotando á dita actividade da máxima seguridade xurídica.

II.- Considerando que o propio actor sindical, nos escritos incorporados ao expediente, solicitan unanimemente a modificación dos ditos criterios; e toda vez que pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal -competente para a negociación colectiva e que preside a Mesa Xeral de Negociación- compártese a proposta de modificación, fórmulase proposta favorable á petición formulada, dado que o amplo marco normativo contemplado no TREBEP ao respecto así o permite; sen prexuízo do cal debe sinalarse que, en cumprimento do previsto nos artigos 9.3 e 103 da vixente Constitución de 1978, así como nos principios rectores da negociación colectiva no sector público (artigo 34.7 do TREBEP) debe establecerse a obriga de acreditación documental, pola parte que solicite a convocatoria extraordinaria e urxente, dos extremos seguintes:

- a necesaria motivación da urxencia consonte ao interese xeral.
- o acordo da totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva na celebración extraordinaria e urxente da sesión que se pretende convocar.

Igualmente, en garantía dos dereitos dos membros da Mesa, deberá contemplarse, como primeiro punto da orde do día das convocatorias de sesións extraordinarias e urxentes, a ratificación da urxencia, que esixirá maioría absoluta do número legal de membros.

III.- En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decretos da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016, así como en Acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas) pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Modificar, á vista da petición formulada pola totalidade dos sindicatos con lexitimación para a negociación colectiva, os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 (expediente n.º 26.805/220) en canto ao apartado 2 do punto VIII-“RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS”, que quedará redactado segundo o teor literal seguinte:

“VII.- RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS

2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio da convocatoria cunha antelación mínima de 10 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.

As convocatorias das sesións extraordinarias e urxentes efectuaranse cunha antelación mínima de 24 horas. sen prexuízo do cal poderase realizar unha convocatoria nun período inferior, sempre que todas as partes lexitimadas para a negociación colectiva estén dacordo.

A tal efecto, deberán acreditarse documentalmente pola parte que solicite a convocatoria extraordinaria e urxente, os extremos seguintes:

- *a necesaria motivación da urxencia consonte ao interese xeral.*
- *o acordo da totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva na celebración extraordinaria e urxente da sesión que se pretende convocar.*

As sesións extraordinarias e urxentes deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia, que esixirá maioría absoluta do número legal de membros, en garantía dos dereitos dos mesmos.”

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Goberno Local e Pleno), Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas de Área da mesma); Dirección do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos con representación no Concello de Vigo, e sindicato CSI-CSIF, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1373).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ". EXPTE. 117/441.

Visto o informe xurídico do 19/11/18 e o informe de fiscalización de data 22/11/18, dáse conta do informe-proposta do 19/11/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.-O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017, sendo publicada a súa aprobación definitiva no BOP do día 30/07/2018.

Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.75 (PROXECTO INTEGRACIÓN URBANA VÍA VERDE, DENDE CHAPELA A URZÁIZ .

2.- Para levar a cabo esta actuación, en data 21.02.2018, o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", a prol do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike (36134731Y).

3.- En data 17.04.2018 asínase contrato de aluguer entre o organismo público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e o Concello de Vigo, para a disposición dos terreos entre os PP.KK. 173/503 ao 177/100, para a posta en marcha dunha Vía Verde de Redondela-Vigo o seu paso polo término municipal de Vigo.

Asemade mediante convenio asinado en data 01.09.2018, o organismo público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) otorgou concesión administrativa a favor do Concello de Vigo, para a ocupación de terreos con destino a viario peatonal e ciclista de conexión coa Vía Verde Redondela-Vigo no entorno da nova estación de Vigo-Urzaiz, entre os PP.KK. 0+332 ao 0+732 do Eixo Atlántico "Vigo-Santiago", no término municipal de Vigo.

4.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike presentou proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS).

5.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 15.10.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 16.10.2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18.10.2018 aprobou o proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS MIL

EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018.

6.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente número 3900/443 correspondente ao proxecto de obras a executar, no que se inclúe o correspondente Prego de Prescricións Técnicas Particulares da execución da obra.

Vinculado a execución do antedito proxecto, atópase o servizo de mantemento de zonas verdes, mobiliario urbano e instalación eléctrica da Vía Verde, segundo se dispón no proxecto aprobado, e con arranxo as directrices indicadas no Plan de Conservación e Mantemento do anexo nº 17 da memoria, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e conforme os prezos dispostos no orzamento do proxecto.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Proxecto de “**IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, de data 24.10.18, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 25.10.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 26.10.2018.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 26.10.2018.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06.11.2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data 19.11.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.



Concello de Vigo

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato mixto de obra e servizos. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria no 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto de **“IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ”**

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.11.2018

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS”** (1.400.000,00 EUROS), sendo o importe correspondente ao **IVE de 242.975,21 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.75 (PROXECTO INTEGRACIÓN URBANA VÍA VERDE, DENDE CHAPELA A URZÁIZ).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1374).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DAS CAMELIAS ENTRE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ E AVDA. HISPANIDADE. EXPTE. 109/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 21/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de novembro de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	96,27
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,16
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	92,29
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	91,03
5	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	88,99
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- EXC. Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	88,88
7	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA	87,21
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS SL	87,02
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL	82,47
10	CONSTRUCCIONES FECHI, SL	82,24
11	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	79,12
12	COPCISA SA	76,62
13	ELSAMEX SA	72,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Concello de Vigo

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1375).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS DEPORTIVOS DO IMD BAIXO A GRADA DE RÍO DE BALAIÓDOS". EXPTE. 87/441.

Visto o informe de fiscalización de data 22/11/18, dáse conta do informe-proposta do 21/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) na seguinte orde descendente

Orde	Licitador	Puntuación total
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 6 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo co informe de valoración da única proposición avaliable mediante xuízo de valor do 18 de outubro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de outubro de 2018 polo que se outorgou ao licitador a máxima puntuación por ser o único presentado e admitido, de acordo coa cláusula 16.5 do PCAP.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) por un prezo total de 1.391.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 241.413,22 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez